

## INSTRUCCIONES PARA A REALIZACIÓN DA FASE DE OPOSICIÓN DE TÉCNICO/A DE TURISMO 2020

1º Non inicie o cuestionario ata que o Tribunal indique o comezo do mesmo.

2º Se observa algunha anomalía na impresión da folla do exame solicite a súa substitución.

3º Farase entrega de dous sobres ao inicio do exame:

- Dentro do sobre grande ten o cuestionario e a folla de instrucións que deberá ler con atención antes de iniciar o exame.

- No sobre pequeno ten dous adhesivos cun mesmo número, un deberá ser pegado no papel que está dentro do sobre e no que deberá cubrir o seu nome e DNI. O outro adhesivo colocarao na folla do exame. O sobre pequeno deberá cerrarse co papel cos seus datos e entregado ao rematar o exame.

4º O exame tipo test consta de 20 preguntas + 5 de reserva con tres posibles respostas e unha única válida. Deberá marcar a resposta correcta como se sinala no seguinte exemplo:

CORRECTO

1.- O número de habitantes do concello de Vedra é:

a) 5.040

b) 5.010

c) 5.030

A pregunta tema de breve desenvolvemento será 1 (de entre 2 posibles), a seleccionar polos propios candidatos. Para contestar dita pregunta poderán usar como máximo 2 folios (4 caras).

5º En caso de equivocación solicite un novo exame.

6º Utilice bolígrafo azul para cubrir a folla de respostas.

7º Non realice ningunha marca nin anotación na folla do exame, en caso de facelo o exame será anulado e non cualificado.

8º Dispón de 90 minutos para a realización dos dous exercicios.

9º Durante a realización do exame estará prohibido o uso de calquera tipo de dispositivo electrónico, calquera documento externo ao exercicio ou corrector.

Calquera alteración desta norma suporá a anulación do exame. Así mesmo, os móbiles deberán permanecer apagados.

10º Una vez terminado o tempo de exame deberá darlle a volta á folla de respostas e non volverá a escribir.